



[Galego](#)

[Castellano](#)

CARTA DO DECANO

ELECCIÓNS 2019

Na convocatoria das Eleccións

Prezados compañeiros, convocamos hoxe eleccións a tódolos cargos dos órganos de goberno do COAG.

Completado o período sinalado nos estatutos, a Xunta de Goberno estableceu a data do 20 de maio para as eleccións do 2019, e, coa antelación prevista, convocamos a tódolos compañeiros a concorrer ás mesmas, presentando, se así o estiman, candidaturas, e animando a todos a votar no seu día.

Hai algo máis de cinco anos, en eleccións sobrevidas, recollíamos o reto de rematar o mandato do decano anterior nunha situación económica ruín, salvada logo ata rematar aquel período, no que, por outra banda, aprobamos a incorporación da participación telemática nas asembleas e nas tomas de decisión. O Colexio non para, nin parou.

Hai algo menos de catro anos, celebramos eleccións no seu período. Renováronse tódolos cargos e retomamos una andaina normal. Temos presentado desde entón, nas Asembleas Ordinarias e Extraordinarias, datos do comportamento e evolución da organización, informes de xestión que recollen tódolos cursos, recursos, concursos que se suceden e suman nunha parte da nosa actividade.

Conforme vos temos informado puntualmente, o Colexio funciona. Os superávits axudaron a desfacer a débeda a curto, a morosidade e a mellorar as ratios de solvencia, a reducir a carga por colexiado, pero tamén un rendemento cada vez máis grande dos servizos que o COAG dá, e que afectan ao exercicio profesional.

Sinaladamente, recuperamos os actos de recepción aos novos colexiados, e o éxito do curso de iniciación da práctica profesional confirma a lectura da necesidade de apoio dos nosos máis recentes compañeiros. A recente enquisa traslada a lectura do que facemos, como e onde, e do que necesitamos; o Colexio ten que se adaptar ao que reclamamos os colexiados.

É o mellor momento dos últimos anos na vida colexial pra concorrer a unhas eleccións. A información sobre o estado do Colexio que poidades necesitar será subministrada en réxime de igualdade a todas as candidaturas.

Participade, participemos todos do proceso que garante que o que se fai no COAG é o resultado da decisión democrática de todos. É o noso dereito, é a nosa responsabilidade.

Unha aperta fraternal,

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019

Antonio Maroño Cal

Decano

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia



COAG Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia



CARTA DEL DECANO

ELECCIONES 2019

En la convocatoria de las Elecciones

Apreciados compañeros, convocamos hoy elecciones a todos los cargos de los órganos de gobierno del COAG.

Completado el período señalado en los estatutos, la Junta de Gobierno estableció la fecha de 20 de mayo para las elecciones del 2019, y, con la antelación prevista, convocamos a todos los compañeros a concurrir a las mismas, presentando, si así lo estiman, candidaturas, y animando a todos a votar en su día.

Hace algo más de cinco años, en elecciones sobrevenidas, recogíamos el reto de finalizar el mandato del decano anterior en una situación económica ruinosa, salvada luego hasta finalizar aquel período, en el que, por otra parte, aprobamos la incorporación de la participación telemática en las asambleas y en las tomas de decisión. El Colegio no para, ni paró.

Hace algo menos de cuatro años, celebramos elecciones en su período. Se renovaron todos los cargos y retomamos una andadura normal. Hemos presentado desde entonces, en las Asambleas Ordinarias y Extraordinarias, datos del comportamiento y evolución de la organización, informes de gestión que recogen todos los cursos, recursos, concursos que se suceden y suman en una parte de nuestra actividad.

Conforme os hemos informado puntualmente, el Colegio funciona. Los superávits ayudaron a deshacer la deuda a corto, la morosidad y a mejorar las ratios de solvencia, a reducir la carga por colegiado, pero también un rendimiento cada vez más grande de los servicios que el COAG da, y que afectan al ejercicio profesional.

Señaladamente, recuperamos los actos de recepción a los nuevos colegiados, y el éxito del curso de iniciación de la práctica profesional confirma la lectura de la necesidad de apoyo de nuestros más recientes compañeros. La reciente encuesta traslada la lectura de lo que hacemos, cómo y dónde, y de lo que necesitamos; el Colegio se tiene que adaptar a lo que reclamamos los colegiados.

Es el mejor momento de los últimos años en la vida colegial para concurrir a unas elecciones. La información sobre el estado del Colegio que podáis necesitar será suministrada en régimen de igualdad a todas las candidaturas.

Participad, participemos todos del proceso que garantiza que lo que se hace en el COAG es el resultado de la decisión democrática de todos. Es nuestro derecho, es nuestra responsabilidad.

Un abrazo fraternal,

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019

Antonio Maroño Cal

Decano

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia



COAG Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia